

22

2023

A CORUÑA

FESTIVAL

MANICÓMICOS

27-30
XULLO

* PASARRÚAS MANICÓMICOS * ASSIRCÓPATAS

* MUNDO COSTRINI * LA INDUSTRIAL * SU.MA

* SEMPRE ARRIBA * N+1

* NON SIN TRI *

* ROJO TELÓN * HA, HA, HA!

* EDU MANAZAS *

* CRIS CLOWN * MUU

* ROSIE VOLT *

Hi, Hi, Hi!

He! He! He!

GALA 22 FESTIVAL
MANICÓMICOS

CUA! HA, HA, HA!
CUA! CUA!

www.manicomicos.org

MANEL
CORNEO
2023





Volve o Festival Manicómicos ás rúas e prazas da cidade de A Coruña! E xa van 22 edicións!

Unha extensa e coidada programación para todos os públicos, como aperitivo perfecto previo ás festas de María Pita.

Ven celebralo con nós! Déixate emocionar!

Grazas a todos os nosos seguidores, colaboradores, público...

E sobre todo ao Concello da Coruña, que apoia o Festival dende 2004.

Sen todos vós isto non sería posible.

PROGRAMACIÓN

Xoves 27

12:30 / Pza. do Humor / **Pasarrúas Manicómicos**

18h / Obelisco / AsSircópatas / **"Montagem"** Se chove: Hall do Fórum Metropolitano

20h / Obelisco / Non Sin Tri / **"INSTans"** Se chove: Hall do Fórum Metropolitano

22h / Campo da Leña / La Industrial Teatrea / **"Herencia"** Se chove: Cúpula de Eirís

Venres 28

12:30 / Cúpula de Eirís / Su.Ma / **"Glamping"**

18h / Pza. Fábrica de tabacos / N+1 / **"Cuacac"** Se chove: Polideportivo M. Barrio das Flores

20h / Pza. Pablo Iglesias / Sempre Arriba / **"Hoxe sil"** Se chove: Cúpula de Eirís

22h / Pza. Pablo Iglesias / Rosie Volt / **"Yadéwats"** Se chove: Polideportivo M. Barrio das Flores

Sábado 29

12:30 / Pista Patinaxe Novo Mesoiro / Rojo Telón / **"Nudo"** Se chove: Polideportivo M. Novo Mesoiro

18h / Pza. Pontevedra / Edu Manazas / **"Fuera de Stock"** Se chove: Cúpula de Eirís

20h / Pza. Tolerancia / Cris Clown / **"Home"** Se chove: Frontón Polideportivo Riazor

22h / Pza. Tolerancia / Mundo Costrini / **"Los Frikis"** Se chove: Frontón Polideportivo Riazor

Domingo 30

12:30 / Ext. Casa das Ciencias / Muu / **Crunch!** Se chove: Frontón Polideportivo Riazor

19h / Anfiteatro Sta. Margarida / **Gala 22 Festival.** Se chove: Polideportivo M. Novo Mesoiro

PROGRAMACIÓN 22 FESTIVAL MANICÓMICOS

Xoves 27 / 12:30 / Praza do Humor

PASARRÚAS MANICÓMICOS

Intervención cómica / Todo público / 90'

Unha divertida intervención urbana en clave de clown na contorna do Mercado San Agustín e a Praza do Humor, panteón de grandes figuras da comedia universal, para alegrar os paseantes e comerciantes, nos seus quefaceres cotíans, cara o Mercado da Praza de Lugo.

Con Juanillo Esteban, Neli Quintela, Aida García, Karim Vilas, Ramón Aguiar, María Alkayali e Keke Díez, que acompañarán a famosa Lilicleta musical de Fernando Pujalte.



Foto de arquivo

www.manicomicos.org

Xoves 27 / 18h / Obelisco
(se chove Hall do Forum)

MONTAGEM

Clown / manipulación de obxectos / Todo público / 50'

Montagem é unha montaxe que é unha montaxe. Un éxito creativo sobre como enfrentarse á incomunicación. Dous individuos condeados a entenderse nun mar de equívocos, e cunha soa ferramenta: a imaxinación... e algo de viño. Dirixido por AsSircópatas.

ASSIRCÓPATAS

Compañía galega formada en Cangas no 2003 por Dani Blanco e Xesús Graña “Chusmi”, que fan da rúa e do circo o espazo e a ferramenta para compartir a súa particular forma de ver o mundo.



www.assircopatas.com

Xoves 27 / 20h / Obelisco
(se chove Hall do Forum)

INSTans

Portes acrobáticos / malabares / acrobacia aérea / Todo público / 45'

Hai instantes nos que a percepción do tempo distorsiónase en función da nosa química cerebral, e fainos crer que vivimos as cousas cotiás como se fosen por primeira vez. Un espectáculo que nos sorprenderá polas súas destrezas técnicas en diferentes disciplinas. Creación colectiva, tras a dirección artística de Sara Gilsanz.

NON SIN TRI

Compañía madrieña de circo multidisciplinar formada por Sara Gilsanz, Aleix Lidon e Álvaro Caballer. Premio Zirkólica 2022 á mellor compañía emerxente.



www.nonsintri.com

Xoves 27 / 22h / Campo da Leña
(se chove Cúpula de Eirís)

HERENCIA

Teatro de rúa / clown / Todo público / 50'

Dous personaxes dentro dun basureiro; unha viaxe terna e divertida para transformar a nosa herdanza. Un espectáculo que invita á reflexión sobre o mundo no que vivimos e que queremos deixar, a través do humor. Dirixido por Jordi Purtí.

LA INDUSTRIAL TEATRERA

Compañía catalá formada en 2002 por Mamen Olías e Jaume Navarro, especializada en clown sen palabras. Buscan comunicarse co público a través da risa, os sorrisos e as emocións.



www.industrialteatrera.com

Venres 28 / 12:30h / Cúpula de Eirís

GLAMPING

Teatro cómico xestual / acrobacia aérea / música / Todo público / 50'

Tres amigos con tres personalidades moi distintas, embárcanse na aventura de pasar unhas vacacións xuntos. Pero a convivencia non sempre é cousa fácil e os conflitos toman parte na escena cotiá dos campistas. Superarán os nosos personaxes o reto de compartir un espazo común con elegancia? Dirixido por Gonçalo Guerreiro.

SU.MA

Compañía coruñesa formada por Sue Moreno e María Move no 2020, á que se une Mark Torrecillas en *Glamping*. Fusionan clown, acrobacia aérea, teatro xestual, música orixinal e *Bel Canto*.



www.culturactiva.org/es/espectaculo/glamping

Venres 28 / 18h / Praza Fábrica de Tabacos
(se chove Polideportivo Barrio das Flores)

CUACAC

Clown / danza / malabares / acrobacia aérea / Todo público / 50'

Ser diferente aos demais non debe ser motivo de vergoña nin impedimento para alcanzar os nosos obxectivos. Este pallaso torpe e caótico ten grandes dificultades para facer o que se espera del, pero non hai como soltar amarras para facer que as debilidades se transformen en fortalezas. Dirixido por Pau Portavella. Dirección de clown: Carlos Sante.

N+1

Compañía galega composta por Alfredo Pérez, un veterano do panorama circense en Galicia, cunha extensa traxectoria polos 5 continentes, con espectáculos propios ou con outras compañías, como Matarile Teatro, ou Elefante Elegante.



Venres 28 / 20h / Praza Pablo Iglesias
(se chove Cúpula de Eirís)

HOXE SI!

Clown / acrobacia aérea / Todo público / 45'

Hoxe Si! Hoxe é o día. Temos un espazo de xogo, obxectos que soben e baixan e flotan no ar, música, circo, moito humor, ganas e moita actitude. *Hoxe Si!* é unha invitación a xogar, a gozar, a soltarnos e desinhibirnos por un día, a vivir celebrando o momento presente. Porque a vida é agora! Dirixido por Natalia Oureiro “Pajarito”.

SEMPRE ARRIBA

Compañía galega de clown e circo creada por Marta Iglesias en 2018, artista multidisciplinar e formadora, que combina a linguaxe do clown coa acrobacia aérea nos seus espectáculos.



www.semprearrriba.com

Venres 28 / 22h / Pza. Pablo Iglesias
(se chove Polideportivo Barrio da Flores)

YADÉWATTS

Variedades / clown / música / Maiores de 10 anos / 70'

Unha cantante en busca da gloria ante o ridículo. Un espectáculo de clown vocal de alta voltaxe, animal e disparatado, no que unha diva polimórfica, acróbata da glote, tenta dar un recital de loucuras pasando por diferentes estilos: lírico, folk, rock...
Dirixido polo gran Michel Dallaire.

ROSIE VOLT

Rosie Volt é o nome da formidable pallasa coa que se presenta a francesa Daphné Clouzeau, actriz física desde os 16 anos, de grande traxectoria internacional, formadora e experta en cantos étnicos.



Sábado 29 / 12:30h / Novo Mesoiro Pista patinaxe
(se chove Polideportivo Novo Mesoiro)

NUDO

Teatro de movemento / humor / acrobacia aérea / Todo público / 50'

Tres mulleres, en clave de humor e circo, toman os ceos para desatar os nós que as oprimen. Transitando entre mundos diferentes, farán que o público viva unha experiencia celestial, unha bacanal de risas. Elas son as “desatanós”. Dirixido por Aritxa Rodríguez.

ROJO TELÓN

Compañía vasca nacida en 2015, formada pola argentina Ana Cuervas, a almeriense María Salmerón e a biscaíña Begoña Peñaranda. Un proxecto en feminino a través das artes do movemento e o circo.



www.rojotelon.com

Sábado 29 / 18h / Praza de Pontevedra
(se chove Cúpula de Eirís)

FUERA DE STOCK

Mastro chino / malabares / acrobacia / Todo público / 55'

Fuera de stock fala, en clave de circo, de soños, esperanzas, ilusións, da vida, a túa vida, de vivila, de xogar... Unha oficina, un almacén, unha fábrica... Tanto traballo para que? Traballar para vivir? Vivir para traballar? Onde quedo eu? Que son nesta engranaxe? Onde van os meus desexos? Espectáculo dirixido por Lucas Escobedo.

EDU MANAZAS

Dende Zaragoza chega Eduardo Lostal, Edu “Manazas”, que tras case xa 20 anos de traxectoria, desenvolve un estilo moi persoal de entender os malabares, en fusión coa danza e o movemento.



www.edumanazas.com

Sábado 29 / 20h / Praza da Tolerancia
(se chove Frontón Riazor)

HOME

Clown/ Todo público/ 45'

Nunha casa miserable, unha parella vive a súa penosa rutina. Drama ao servizo da comedia. Risas das boas, das sonoras, das que curan. Un espectáculo trepidante, emocionante, hilarante, co acompañamento de Juampi Luján, e dirixido polo gran Leandre Rivera.

CRIS CLOWN

Cristina Solé, dende Barcelona, é pura enerxía. Unha tola, excéntrica, imprevisible e caótica pallasa que xa é referente no panorama estatal, tras máis de dúas décadas de carreira.



www.crisclown.com

Sábado 29 / 22h / Praza da Tolerancia
(se chove Frontón Riazor)

LOS FRIKIS

Clown excéntrico musical / Todo público / 45'

Hilda e Hugo son unha simpática e excéntrica parella de comediantes que nos invitarán a disfrutar do seu particular espectáculo de circo, maxia, música e variedades. Fracasos e éxitos levados a cabo con moito amor, e sobre todo con moito humor. Dirixido por Krause&Guz, ou sexa, eles mesmos.

MUNDO COSTRINI

Compañía franco-arxentina de clown, comedia visual e circo, con cantidade de premios internacionais e actuacións en máis de 50 países, formada por Sebas Guz e Romina Krause.



www.mundocostrini.wixsite.com

Domingo 30 / 12:30h / Exterior Casa das Ciencias

(se chove Frontón Riazor)

En substitución de José Luis Redondo con “Arriba” por lesión.

CRUNCH!

Humor absurdo / slapstick / acrobacia / Todo público / 50'

Súper Scrunch e Súper Spunk son dous superhéroes dos 80 que, coa crise, tiveron que xuntar forzas para conciliar familia con traballo e fillos. Os seus problemas son os teus problemas, xa que no fondo nesta vida todos somos superheroes. Dirixido por Dani Blanco e Óscar Páez.

MUU

Da unión de dúas compañías galegas de longa traxectoria, AsSircópatas e Circo Chosco, nace a Compañía Muu, formada por Daniel Blanco e Óscar Paez, dous veteráns da escena circense.



<https://www.culturactiva.org/es/espectaculo/crunch>

Domingo 30 / 19h / Anfiteatro Santa Margarida
(se chove Polideportivo Novo Mesoiro)

GALA 22 FESTIVAL MANICÓMICOS

Variedades cómicas e circenses / Todo público / 90'

Como xa é tradición, o Festival Manicómicos pecha a súa programación cunha gala de variedades cómicas e circenses, para celebrar por todo o alto unha edición máis, coa participación de artistas que pasaron polo festival e outros invitados para a ocasión. Hora e media de diversión familiar garantida. Todo un clásico de Manicómicos e o seu festival.



www.manicomicos.org




Organiza: Asociación Cultural Manicómicos
Patrocina: Concello da Coruña

Colaboran: Diputación da Coruña, Gadis

Producción executiva: Malala Ricoy
Coordinación de produción: Iván Casanova
Dirección: Carlos Sante, Malala Ricoy
Xefe técnico: Nacho Martín
Auxiliar técnico: Germán Gundín
Apoyo técnico: Cega, Naveiro
Deseño gráfico: Manel Cráneo

Contactos prensa: Carlos Sante 630693148
Redes sociais: Malala Ricoy 619676370

festivalmanicomicos2023@gmail.com
festival@manicomicos.org
www.manicomicos.org



[Manicómicos](#)
[@acmanicomicos](#)